

# NUBES FLOTANTES

Mikio Naruse, 1955

# 1445

---

ESTREA EN NUMAX: 21.01.2025 | V.O.S.E. | 123 min

Yukiko e Tomioka foron amantes durante a II Guerra Mundial. Rematado o conflito, Yukiko volve a Tokio en busca de Tomioka, ao que cre divorciado, pero que segue casado. A partir dese momento a súa relación alterna separacións e reencontros mentres outros homes e mulleres continúan coas súas vidas.

«A versión de "Vértigo" de Mikio Naruse»

Jean Douchet

---



## Invertindo a luz e a sombra ou a xente que se separa: Yasujiro Ozu e Mikio Naruse

Por Kiju-Yoshishige Yoshida

Cando comecei a traballar de axudante de dirección nos estudos Sochiku, Yasujiro Ozu estaba moi maior e continuaba a rodar como unha faísca que brilla con maior fulgor xusto antes de se apagar. Mikio Naruse marchara da Sochiku á Toho había máis de vinte anos. Daquela eu traballaba de axudante de dirección de Keisuke Kinoshita. Lembro terlle oído: “O Sr. Naruse parecíase moito ao Sr. Ozu. Os seus filmes eran copias dos de Ozu. Os da Sochiku dixeron que non precisaban outro Ozu e fixeron que demitira. Todos sentimos pena por el”.

Desde logo que hai similitudes entre ambas carreiras. Naruse era dous anos máis novo que Ozu e debutou como director tres anos despois. As primeiras películas de ambos cineastas eran copias das comedias mudas, especialmente do cinema de *slapstick* de Hollywood. Pouco despois da Gran Depresión Ozu e Naruse rodaron filmes que describían a vida da xente pobre e entre os dous xermolou unha relación como a que hai entre a luz e a sombra ou o ying e o yang. Considerábaselles case xemelgos. Nese sentido, probablemente foi necesario que Naruse se separase de Ozu para que atopase o seu universo fílmico propio.

A relación que se tiña formado entre os dous invertíuse nunha soa ocasión. Foi con motivo dos grandes eloxios que Ozu verquiu sobre *Nubes flotantes*, de Naruse: “O outro día vin *Ukigumo* e gustoume enormemente. Apela aos nosos sentimentos adultos. Unha grande obra. Ten uns poucos defectos menores pero aínda téndoos en conta sitúase no máis alto nivel da historia do cinema xaponés. Ter visto este filme vaime supoñer un atraso no traballo deste ano. Pensei que non debo ser tan preguiceiro. Nin fixen ben o meu traballo. Creo que o propio Naruse está nun problema con esta película pois vaille custar facer a seguinte”.

Non fai falla dicir que *Nubes flotantes* é a mellor obra de Naruse, pero el xa tiña unha longa experiencia como director e esta non é tan diferente en termos de contido, argumento e expresión. As películas de Naruse, de feito, non teñen nada diferente, pero a xente continúa véndoas. Exercen unha atracción inexplicable. Poderíase dicir que a explicación está en *Nubes flotantes*. A guerra conduciu á xente á loucura e a confusión seguiu a reinar no Xapón de postguerra. Naquela época transtornada homes e mulleres coñecíanse, separábanse, volvíanse encontrar e separar. E iso continuaba até que morrían. A un nivel máis profundo a separación fíxase na mente das persoas que son incapaces de se despedir dos demais. Ozu tamén falaba moito nos seus filmes das separacións da vida. Non o consideraba algo irracional, aceptábao como algo natural. Ao ver que Naruse describía isto como algo irracional, Ozu debeu ver sacudidas as súas convicións, por iso lle dedicou tantos eloxios a *Nubes flotantes*.

Como sería posible que nós os orientais puidéramos transmitir aos occidentais o significado do karma? Por suposto, o termo deriva do budismo e pode que sexa equivalente ao concepto de pecado. Pero Naruse non dependía da relixión para a redención. O cineasta seguiu a describir a irracionalidade humana no seu ton baixo. Observaba a xente sumido nun profundo silencio. Así foi a existencia de Mikio Naruse, a gran sombra.

Publicado en “Mikio Naruse” (Shigehiko Hasumi / Sadao Yamana Ed., 46 Festival Internacional de Cine de San Sebastián (Madrid, 1998)